

CONVOCATORIA DA COORDINADORA PROVINCIAL CONTRA A CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA DE PONTEVEDRA

O vindeiro sábado 25 de abril terá lugar en Pontevedra unha xornada sobre

TELEFONÍA MÓBIL E SAÚDE: por unha regulación en base a criterios de saúde.

Recentemente, puidemos ver cómo o sistema económico no que nos estivemos movendo durante décadas, cambaléase pola falta de control e as ansias de gañar diñeiro duns poucos. **O mesmo está a pasar coas comunicacións inalámbricas no seu despregue caótico.**


Despregue caótico que esta a continuar mentres dende as institucións europeas se nos informa de que os límites de exposición ás emisións electromagnéticas (como a que aplica a normativa estatal española) **se consideran obsoletos para protexer a saúde da poboación** (especialmente dos grupos máis vulnerábeis) e **deben ser reducidos** ([Resolución do Parlamento Europeo 04.09.08](#), [Declaración da Axencia Europea de Medio Ambiente 17.09.07](#)).

Neste mesmo mes aprobouse a [Resolución do Parlamento Europeo de 2 de abril de 2009](#) afirmando que os emisores de Campos Electromagnéticos “poden producir efectos adversos para a saúde humana”, polo que chama a aplicar o **principio de precaución**: diminución e adecuación dos valores de exposición (baseados nos efectos biolóxicos), potenciando estratexias (compartir antenas e infraestruturas) e tecnoloxías que reduzan a súa exposición; participación das asociacións de veciños na implantación de antenas ou liñas de alta tensión, **garantindo ao menos unha distancia prudencial de escolas, garderías, residencias de anciáns e centros de saúde**; mapas de exposición aos CEM co acceso público en Internet; campaña de sensibilización xeral aos mozos sobre o uso racional do teléfono móbil, denunciando as campañas de comercialización agresivas dirixidas a nenos e mozos (incluído o teléfono móbil infantil e "os minutos gratis"); recoñecemento do carácter invalidante da electrosensibilidade; ...

Esta xornada do día 25 pretende trasladar este debate aberto nas institucións europeas as nosas comunidades (no campo educativo, social, científico, legal e de regulación municipal) para ver cómo aplicar o **principio de precaución** no noso medio **na procura de compatibilizar criterios de saúde e novas tecnoloxías**.

A convocatoria nace no proceso de coordinación de persoas e colectivos sociais sensibilizados coa contaminación electromagnética a nivel provincial (que acolle a colectivos de afectados, veciñais, ecoloxistas e de nais e pais)

VER PROGRAMA ANEXO





TELEFONÍA MÓBIL E SAÚDE

Sábado 25 de abril

Salón de Actos do Pazo da Cultura de Pontevedra

Por unha regulación en base a criterios de saúde e evitación de riscos.

A partir das 10,30h

Entrada libre

Organiza: COORDINADORA PROVINCIAL CONTRA A CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA DE PONTEVEDRA: ANPA "Pardo Bazán" (Pontevedra), APDR, A.V. Pedra Choca (Cangas), A.V. Chapelá (Redondela), AAVV de Vigo (A Paz, Casco Vello, Doutor Fleming, San Roque, Valadares, Val do Fragoso), Colectivos de persoas afectadas da provincia, Federación AA.VV. "Castelao" (Pontevedra), Luita Verde

Colabora:



PROGRAMA

10:30h **Presentación da Xornada.** Entrega de documentación.

11:00h **"Educación para a Saúde: infancia, mocidade e telefonía móbil"**. Julio Carmona Barros da Asociación Pola Defensa da Ría.

12:00h **"Estado da cuestión e propostas"**. Mesa de colectivos de persoas afectadas, de nais e pais, veciñais e ecoloxistas.

Descanso para xantar

16:00h **"Concellos e regulamentos de precaución"**. Mesa de concelleiros: Juan Manuel Fajardo (Vilagarcía de Arousa) e Francisco Torres Barcala (Vilaboa)

17:00h **"Radiacións electromagnéticas e Riscos para a Saúde"**. Dr. Ceferino Maestu Unturbe. Dr. en Medicina, especialista en Bioelectromagnetismo e Enxeñería Biomédica. Profesor da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación, Univ. Politécnica de Madrid.

18:00h **"Dereitos das persoas expostas: Como defendelos"**. D. José Luis Pena Fernández, Lic. En Dereito, asesor dos colectivos de afectados e veciñais de Moaña nas alegacións contra os plans de implantación de Telefónica e Vodafone. D. Enrique Ríos Argüello, Lic. en Dereito, Asesor Xurídico da *Asociación Vallisoletana de Afectad@s por las Antenas de Telefonía* e do Grupo de Traballo de Telefonía da Federac. de AA.VV. de Valladolid.

19:00h **"Defensa veciñal e regulamentos municipais"**. Ángel Sánchez Sánchez, Federación AA.VV. de Leganés